



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 22 de decembro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 15 de decembro de 2021.
2. Apróbase o proxecto técnico de obras de “Adaptación do local “Liceo Casino” de Marín”.
3. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Adaptación do local “Liceo Casino” de Marín”.
4. Modifícanse os termos da licenza outorgada en data 05/08/2020 para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta soto, baixa e alta no lugar da Teoira, Ardán, Marín.
5. Dáse conta da concesión de subvención pola Deputación de Pontevedra con destino ao financiamento de “Axudas económicas para os sectores afectados pola pandemia do plan concellos 2021”.
6. Dáse conta da concesión de subvención pola Deputación de Pontevedra con destino ao cofinanciamento das obras de “Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo (Marín)”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
7. Dáse conta da apertura do prazo de alegacións en relación á proposta de concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativas, da Consellería do Mar.
8. Dáse conta da concesión de subvención pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural, correspondente á Liña B, con destino ó proxecto de “Restauración dos portais de acceso ao mercado de abastos”.
9. Dáse conta das bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
10. Dáse conta das bases reguladoras de axudas para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
11. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A2D5200G2M3I6Z9Z411 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2021SE001-065
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/12/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/12/2021 18:41:44	Fecha: 16/12/2021 Hora: 08:30 Und. reg: REGISTRO GENERAL



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Adxudícanse as obras de “Demolición de edificio e acondicionamento de solar na rúa Concepción Arenal-Cantodarea, Marín”.
2. Dáse conta das bases reguladoras das axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
3. Dáse conta do anuncio de información pública respecto das instalacións de servizos de tempada de verán e escolas de surf, pádel surf, plataformas flotantes inchables, nas praias da provincia e apertura de prazos para a presentación de solicitudes.
4. Acórdase declarar deserto o procedemento de contratación para o subministro eléctrico en alta e baixa tensión pola central de contratación da FEMP.
5. Apróbase a prórroga do contrato de obras de “Substitución da impermeabilización e do pavimento de praza pública, novel superior”.

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A2D5200G2M316Z9Z411 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/12/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/12/2021 18:41:44	EXPEDIENTE : 2021SE001-065 Fecha: 16/12/2021 Hora: 08:30 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--

